



Víctor Manuel Pastoriza Lino naceu en Moaña o 9 de abril de 1965, na mesma casa na que vive na actualidade.

Está casado e ten 2 fillos.

O remate do bacharelato e do COU, que realiza en Cangas, durante 3 anos, cursa en Vigo estudos de Informática de Xestión no Centro de Estudos Seresco Asturiana.

Como técnico informático, traballa en diferentes empresas de servizos da Comarca de Vigo, dende o ano 1986 ata o ano 1999, colaborando durante todos estes anos na instalación, posta a punto e mantemento dos sistemas informáticos de xestión de gran número de pequenas e medianas empresas en toda España.

Dende o ano 1999, e ata a actualidade, exerce como traballador por conta propia no sector informático, instalando o seu despacho profesional en Moaña.

A súa implicación na Plataforma Cidadá Para a Supresión da Peaxe, dende o primeiro momento da súa constitución (novembro de 1998) marca o comezo da súa actividade pública. Participa en tódalas directivas da Plataforma dende a súa constitución ata a supresión da peaxe na Ponte de Rande o 23 de maio de 2006. Mantén, dende a súa posta en funcionamento e ata hoxe, a páxina web do colectivo. Como resultado da participación nas protestas que leva a cabo a plataforma, foi detido nas cabinas de peaxe da Ponte de Rande en Domaio o 2 de maio de 1999. O mesmo día foi posto en liberdade e posteriormente absolto sen cargos.

Participa activamente no movemento veciñal na parroquia de Meira, como presidente da AAVV Samertolameu, que se implica fundamentalmente na recuperación do litoral, no compromiso coa posta en funcionamento do Saneamento e na denuncia dos usos particulares irregulares da propiedade pública.

En representación dos colectivos veciñais de Meira, implicase nas protestas que se levaron a cabo no Concello de Moaña, no comezo das obras da Vía Rápida do Morrazo, presentando importantes propostas de mellora para a infraestrutura. O largo do ano 2005, participa -como Presidente-, na creación da AAVV de Meira, coa intención de integrar a varios colectivos veciñais da parroquia.

Co obxectivo de facer posible o que demanda activamente, dende a súa participación nos colectivos cidadáns, afíliase a Agrupación Municipal do PSdeG-PSOE de Moaña o 10 de xuño de 2005.

No mes de decembro do mesmo ano, no transcurso dunha asemblea da Agrupación, a proposta da militancia, é nomeado presidente da Xestora para normalizar a Agrupación Municipal do PsdeG-PSOE en Moaña.

En xaneiro de 2006, en asemblea convocada o efecto, prodúcese o seu relevo voluntario o fronte da AAVV de Meira.

No mes de abril do mesmo ano, encabeza a candidatura que gaña as eleccións para a Executiva da Agrupación Municipal.

Xa no mes de outubro de 2006, celébranse primarias na Agrupación Municipal, resultando elixido -por aclamación da militancia-, Candidato da Agrupación para as Eleccións Municipais de 2007.